



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O PATRONATO DA CASA DA TROIA

En Santiago de Compostela, a 17 de agosto de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Don Martiño Noriega Sánchez, en calidade de Alcalde do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, con domicilio, a estes efectos no Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro en Santiago de Compostela e C.I.F. 1507900-G.

Doutra, Don Benigno Amor Barreiro, en nome e representación do Padroado da Casa da Troia, en calidade de vicepresidente terceiro do Padroado, con domicilio social na Rúa da Troia, número 5, de Santiago de Compostela e CIF G152115981.

MANIFESTAN

1. Que o Concello de Santiago conta entre as súas funcións a celebración de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para levar a cabo as tarefas da súa competencia, incluíndose nelas a realización de accións de fomento e difusión da cultura.
2. Que o Padroado da Cada da Troia se constituiu o día 16 de novembro de 1980, correspondéndolle ao Exmo. Sr. Alcalde Presidente do Concello de Santiago de Compostela a Vicepresidencia primeira do Padroado.
3. Que o Padroado da Casa da Troia se constitue con carácter cultural, permanente e sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e plena capacidade de obrar, sendo os seus fins estatutarios: A creación e conservación dun Museo de época no inmoble situado na rúa da Troia, nº 5, edificio que albergaba a pensión de estudantes na que está inspirada a novela “La Casa de la Troya”, para reflectir o ambiente da vida estudantil compostelá e o seu entorno social a finais do século XIX e comezos do XX, Recoller e fomentar as tradicións universitarias compostelás e colaborar na promoción e realización de actos culturais na Cidade.

4. Que o Museo da Casa da Troia, ubicado nun inmoble de titularidade municipal, foi inaugurado en 1993. O edificio no que se ubica, construído a mediados do século XVIII, alberga obxectos, cadros, fotografías e mobiliario da época, cos que se pretende reflicir o ambiente estudantil do seu tempo; sendo o Museo non só un referente artístico e literario da época, senón un recurso de grande proxección turístico – cultural.
5. Que o Padroado da Casa da Troia ven desenvolvendo un labor de continuidade na realización de actividades encamiñadas á conservación, protección e difusión do Museo da Casa da Troia.
6. Que o Concello de Santiago de Compostela vén colaborando co Padroado dende o ano 1993, ano de inauguración do Museo da Casa da Troia, valorando deste xeito o labor social, cultural e divulgativa desenvolvida polo Padroado a través do Museo. E por este motivo, mantén nos seus orzamentos unha axuda económica anual para o mantemento do Museo.
7. Que é vontade do Concello de Santiago de Compostela continuar colaborando co Padroado do Museo da Casa da Troia.

É por isto e que se acorda establecer un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira: Será obxecto deste convenio as actividades que o Padroado da Casa da Troia desenvolve en Santiago de Compostela e que teñen como fin a promoción de cultural e turística a través das actividades que se relacionan no Anexo I.

Segunda: O Concello de Santiago colabora economicamente no desenvolvemento destas actividades (Anexo I) coa cantidade de **3.600 euros**, que serán ingresados na conta a nome do Padroado da Casa da Troia, con CIF G152115981 que ten ao seu nome na entidade Abanca co número de conta ES55 2080 0300 88 3040115454. Esta achega será compatíbel coas doutras entidades públicas ou privadas sempre e cando

a suma delas non supere o importe total da actividade, e coas complementarias que o Concello poida, no seu día, establecer.

Na cantidade obxecto do convenio entenderase incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) e calquera outro tipo de imposto ou gasto.

Terceira: O pagamento realizarase logo da xustificación do gasto mediante a achega das facturas oficiais e recibos que correspondan, que deberán conter tódolos datos do receptor, así como a correspondente retención do IRPF. Poderanse presentar os orixinais ou fotocopias compulsadas, a xustificación realizaráse polo importe total da actividade non só pola contía da subvención.

Como documentos acreditativos dos pagos realizados só se aceptarán transferencias bancarias, certificacións de pago emitidas por entidades bancarias (extratos ou asentos de movemento individualizados). Os pagos en efectivo só serán admitidos para aqueles gastos que pola súa natureza non poidan ser pagos baixo outra modalidade, como subministros en restaurantes, gasoleiras, supermercados, etc, non podendo superar en ningún caso a contía de 600 €. Acreditarase o pagamento mediante factura ou recibín asinado polo acreedor indicando a data de abono debendo figurar a expresión recibín ou outra análoga.

Documentación acreditativa de que a actividade se realizou segundo o previsto.

- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, que acredite que a entidade está ao corrente nos pagamentos que lle correspondan.
- Certificación da Delegación de Facenda do Estado que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.
- Certificación da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia que acredite que está ao corrente no pagamento das obrigas tributarias.
- Certificación do Concello de Santiago de Compostela que acredita estar ao corrente nas obrigas tributarias.

- Ingreso selado pola entidade bancaria correspondente que acredite a titularidade da conta na que se deba facer o pagamento.
- Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e prace do presidente de non atoparse en ningún dos supostos de incapacidade e incompatibilidade para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- Declaración asinada polo secretario da entidade co visto e prace do presidente na que se faga constar as contías das axudas asignadas ou recibidas doutras administracións públicas, ou entes públicos ou privados, para o mesmo fin.
- Documentación acreditativa de ter realizado os pagamentos.
- Tarxeta de identificación fiscal

A xustificación das contías poderán realizarse de xeito parcial até acadar o máximo da contía concedida. A súa presentación realizarase seguindo o modelo do Anexo 2.

Cuarta: A data límite para a xustificación do convenio será o 15 de novembro de 2016.

Quinta: O Concello de Santiago figurará na publicidade e difusión das actividades subvencionadas, tanto impresa como en outros soportes, como “colaborador”, utilizando a imaxe corporativa do Concello de Santiago de Compostela. Asemade o o Padroado da Casa da Troia comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei Xeral de Subvencións 38/2003.

Sexta.- Este convenio ten natureza administrativa e compételle ao Concello de Santiago o control da súa execución e a vixilancia do cumprimento do seu contido. A Concellaría de Cultura poderá, cando o considere oportuno, comprobar o estado de execución das actividades obxecto deste convenio. Crearásese unha comisión mixta de seguimento da execución do convenio e para a solución e interpretación de controversias formada pola Concelleira de Acción Cultural e polo representante do beneficiario da subvención.

Sétima.- O incumprimento das cláusulas deste convenio por calquera das partes será



causa suficiente de rescisión deste, do mesmo xeito procederá o reintegro da subvención polas causas previstas no artigo 37 da Lei Xeral de subvencións.

Oitava.- Toda a comunicación, oral ou escrita, que se derive deste convenio, dirixida a esta administración ou a calquera outra entidade ou persoa, incluíndo a presenza pública mediante rótulos, avisos, sinais informativos, publicidade, atención directa, etc., así como o obxecto mesmo da contratación, realizaránse en lingua galega de acordo co previsto no Regulamento de uso do galego na administración municipal de Santiago de Compostela, especialmente no seu artigo 8.

Novena: A vixencia deste convenio é até o 31 de decembro de 2016. Este convenio rexerá durante o presente ano e poderá ser prorrogado para o ano seguinte, por acordo expreso das partes, cos mesmos obxectivos e por unha cuantía económica non inferior, supeditado á existencia da correspondente consignación orzamentaria.

Décima: Será responsabilidade do Padroado da Casa da Troia a organización, xestión, publicidade e asistencia técnica requeridas polas actividades incluídas neste convenio. O Padroado da Casa da Troia será tamén responsábel dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros por omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do convenio.

En proba de conformidade cos termos deste convenio asínase, por duplicado no lugar e data de encabezamento.

Polo Concello de Santiago

Polo Padroado da Casa da Troia

Martiño Noriega Sánchez
Alcalde de Santiago de Compostela

Benigno Amor Barreiro
Vicepresidente terceiro do Padroado
da Casa da Troia

ANEXO I: PROGRAMA DE ACTIVIDADES DA CASA DA TROIA

ACTIVIDADE 1: Realización dun documental sobre o Museo da Casa da Troia.

Descrición da iniciativa: O documental "O roteiro da Casa da Troia" quere lembrar o centenario da primeira edición da novela "La Casa de la Troya", que levaba unha cuberta de Castelao. Este documental vai realizar un percorrido audiovisual moi dinámico para ver a evolución da cidade e da vida social de Compostela dende os tempos da Casa da Troia ata a actualidade a través de diversas testemuñas, contraponendo imaxes históricas de Santiago (extraídas da versión cinematográfica da novela filmada en 1924 por Alejandro Pérez Lugín) coas localizacións das entrevistas en espazos actuais.

Obxectivos:

- Divulgar o patrimonio cultural, literario, musical, arquitectónico e histórico da Compostela de finais do século XIX e comezos do XX e da Compostela e da Galicia de hoxe.
- Propor un roteiro turístico-cultural polos espazos físicos da novela, con referencias a espazos e persoeiros clave do seu tempo, como Rosalía de Castro, Valle Inclán, Montero Ríos, Emilia Pardo Bazán, Enrique Labarta Posse, etc.
- Promocionar o Museo da Casa da Troia e outros recursos museísticos de Compostela, contribuíndo á proxección exterior de Santiago e da súa Universidade.

Temporalización: setembro a novembro de 2016

Localización de espazos en Santiago: Casa da Troia, Paraninfo da Facultade de Xeografía e Historia da U.S.C., Claustro de Fonseca, Rúa do Villar, Teatro Principal, Praza do Obradoiro, Praza do Toural, Praza de Mazarelos (estatua de Montero Ríos), Colexio da Ensinanza, Alameda e Museo das Peregrinacións e de Santiago.

ACTIVIDADE 2: Comunicación das actividades do Museo da Casa da Troia ao longo da tempada 2016.

Descrición da iniciativa: Dende hai varios anos, o Museo da Casa da Troia ven realizando unha tarefa de comunicación e divulgación das súas actividades tanto nos medios de comunicación tradicionais como nas redes sociais. Así mesmo, o Museo conta cunha web que é periodicamente actualizada.



CONCELLO DE SANTIAGO

Esta iniciativa comezou desenvolverse no ano 2010, no que se enviaron aos medios 8 notas de prensa e mantívose nos anos seguintes: 5 (2011), 6 (2012), 6 (2013), 7 (2014) e 10 (2015). Neste 2016 lévanse enviado xa 4 notas de prensa. Da repercusión que tivo e está tendo esta laboura, pódese atopar documentación na sección "Sala de prensa" da web do Museo: http://www.lacasadelatroya.gal/sala_de_prensa.html

Así mesmo, mantense actualizados os contidos na web e nas redes sociais (Facebook, Twiter e Youtube).

Obxectivos:

- Comunicar e promocionar as actividades do Museo da Casa da Troia.
- Contribuír á dinamización turístico - cultural do Barrio de San Martiño Pinarío.
- Dar coñecer a vida social en Compostela a finais do século XIX.
- Divulgar o patrimonio cultural, especialmente o literario e o musical, de finais do século XIX en Santiago e en Galicia.
- Interactuar con axentes e industrias culturais, e con outros museos.

Temporalización: Tempada de apertura do Museo da Casa da Troia, é dicir, durante a Semana Santa e na primaveira - verán (de xuño a setembro).

Orzamento das actividades:

Documnetal	3.025 €
Comunicación	726 €
TOTAL:	3.751 €

ANEXO 2: MODELO PARA A XUSTIFICACIÓN DA REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE

D. _____ como representante legal de :

Entidade beneficiaria
CIB/NIF

CERTIFICO:

1º.- Que o programa para o que se concedeu a subvención, e que a continuación se detalla, foi realizado na súa totalidade

Actividade ou programa:
Convocatoria:
Datas de realización:
Importe da actividade:
Importe da subvención concedida:

2º.- Que os gastos xenerados na actividade concreta do programa/s subvencionados son os seguintes:

Nº	CONCEPTO	IMPORTE	DATA PAGO
	IMPORTE TOTAL DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA=		

Que se adxuntan as facturas ou documentos substitutivos correspondentes a estos gastos, así como a xustificación do seu pago.

3º.- Que as subvencións solicitadas ou concedidas por outras Entidades para a realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:

ENTIDADE CONCEDENTE	IMPORTE
	TOTAL=

4º.- Que os ingresos xerados pola realización da actividade subvencionada ascenden a un total de _____ €, co seguinte detalle:



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL=	

5º.-Que os restantes gastos xerados pola actividade subvencionada foron financiados con cargo a

6º.-Da liquidación de ingresos e gastos se deriva que respecto do programa ou actividade realizada, cúmprese o disposto no artigo 31.1 da LXS, o importe dos ingresos e subvencións concedidas non supera o importe total dos gastos devengados, sendo destinadas todas as aportacións á actividade subvencionada

O que asino en

a data de

Sinatura